

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
GREGO II (cód. 32)

O exame consta de tres preguntas. O alumno deberá responder **UNHA**. Caso de responder máis das permitidas, **só será corrixida a primeira**.

1. TEXTO

1.1. Tradución. O texto deberá traducirse ao galego ou ao castelán. Na valoración terase en conta a correcta comprensión do texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. **(Valoración máxima 5 PUNTOS)**

1.2. Análise morfolóxica ou sintáctica. Pídese a **análise morfolóxica ou a análise sintáctica (a elixir unha das dúas)** dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Caso de facer as dúas análises, só será corrixida a primeira que se responda. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto. **(Valoración máxima 1 PUNTO)**

2. LECTURAS

Das dúas preguntas propostas sobre o contido das obra, o alumno deberá contestar **unicamente unha**. De responder as dúas, terase en conta só a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición. **(Valoración máxima 2 PUNTOS)**

3. LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Dos dous temas propostos, o alumno deberá desenvolver brevemente **unicamente un deles**. Caso de contestar máis de un, só será corrixido o primeiro. **(Valoración máxima 1 PUNTO)**

4. ETIMOLOXÍA

O alumno deberá **citar e explicar** vocabulario actual relacionado con tres das palabras propostas. A máxima puntuación obterase citando e explicando dúas palabras por cada unha das tres elixidas. Caso de contestar máis, só serán corrixidas as dúas primeiras. **(Valoración máxima 1 PUNTO)**